



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE XULLO DE 2008**

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz Dna Ana M<sup>a</sup> Fernandez Coira Dn. José Salvador Ferreiro Montenegro. D. Manuel Rodríguez Doval. Dna Belén Abeal Pérez Dn. José Manuel Cendán Fernández. Dn. Francisco José Echevarría Lage. Dn. Fernando Otero Prieto. Dna Josefina Martínez Martínez D<sup>a</sup> Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>D. Sr. Secretario:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e oito minutos do día 31 de xullo de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CERLEBRADAS POLO CONCELLO OS DÍAS, 29-05-08, 1-06-08, 13-06-08 E 26-06-08.**

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr Rodríguez Doval: “Primeiro supoño que xa se daría conta alguén máis de que non hai unha Acta do día 1 de xuño, senón do día 1 de xullo así que as Actas serían correlativamente das datas: 29-05-08, 13-06-08, 26-06-08 e 1-07-08 , aparte de este erro técnico, e xa no contido concreto das actas, na acta do día 13 de xuño vemos que si se lee ben, e as persoas que estamos aquí sabemos que se abreu un debate, no punto nº 1 no que se refire a aprobación se procede do acordo de adhesión ao pacto territorial do emprego de Ferrol, vendo 3 das 4 intervencións que se fan, xa fan referencia de xeito explícito a 2 puntos do acordo que son os que se sustanciaban e a pregunta deste voceiro, se clarificaron e concretamente son: adhesión á asociación impulsora e ao nomeamento de representantes, se se ve o contido da acta figura un punto máis que nada máis e nada menos e a aprobación dos estatutos da sociedade impulsora do pacto territorial polo emprego de Ferrol, léase a miña intervención ou a do voceiro do NAL ou a do Alcalde-Acctal naquel intre, cando ademáis de xeito explícito figura que os únicos dous acordos que se someteron a aprobación son a adhesión á asociación impulsora e ao nomeamento de representantes, co cal a aprobación dos estatutos da asociación impulsora non se fixo por parte de ningún pleno nin no día 13, aquí hai que facer unha corrección verificada coa grabación de audio, non vou entrar en si o acordo tiña que recoller os 3 puntos, o certo é que nós non aprobamos estes 3 puntos, só 2, ou ben se deixa sobre a mesa este acta do 13 de xuño e se corríxa ou senón se fai unha modificación de oficio retirando o 1º punto da orde do día do Pleno porque esto non se aprobou. Con respecto á acta do 1 de xullo non do 1 de xuño, esta acta está incompleta, e eu pedín a palabra



como representante do BNG no sentido de facer unha intervención, o Alcalde me dixo que non cabía intervención, e eu lle dixen que o que non caben son votacións, pero sí caben intervencións porque non existe ningunha lei, norma, disposición nin sentenza xudicial que impida que nos Plenos se fale.

Polo tanto, evidentemente na acta do día 1 de xullo habería que modificar o contido da acta no sentido de poñer que eu pedín a palabra e por parte do Alcalde se me negou, e é evidente que nas incidencias do Pleno non se deu conta, houbo un grupo que pediu a palabra, se lle dixo que non podía intervir, e eso ten que quedar reflexado na acta; a secuencia sería solicitude de petición de palabra por parte do BNG, denegación de palabra por parte do Alcalde e acto seguido levantamento da sesión, e non levantamento da sesión sen máis, como se aquí non pasara nada, como logo se viu que alguen estaba interesado en transmitir a impresión de que aquí non pasaba nada e logo se soupera que vaia se pasaba.

Esas son as dúas correccións que nós queremos facer a estas actas e se se fan as correccións, daremos o voto favorable, se non é así, no caso da acta do 13 de xuño é un tema grave, nadie debateu aquí uns estatutos e noutro caso é unha incidencia que non é menor, xa que se denegue a palabra nun pleno non é un tema menor.

Toma a palabra o Secretario: efectivamente aquí falouse como vostede dí; eu ao día seguinte cando se estaba falando dos estatutos non entendía porque se falaba dos estatutos; no expediente viñan os acordos e un deles era a aprobación dos estatutos, eu ao día seguinte lle comentei ao voceiro de NAL e lle dixen mirara ben a documentación que está o acordo tal cal vai a aprobación dos estatutos, lle comentei ao voceiro do PP que estaba na documentación, se se quere quitar se quita e se mete pola vía de urxencia, é un tema que ía na documentación, o acordo estaba.

Interven o voceiro do BNG, Sr Rodríguez Doval: estaba o acordo pero non o debate, lea vostede a páxina 2 e a miña intervención esto non é un cruce de palabras entre o Secretario e o voceiro dun grupo político. Outra cousa é que fora un erro ou non, e vostede coñeza a falar e nada menos dí: “No expediente veñen mezcladas varias cousas polo que entendo que temos que aclarar o acordo que vamos adoptar sobre adhesión a un pacto territorial e logo hai tamén hai no expediente outro tema que xa é sobre estatutos e cando menos a xuízo, habería que matizar moito máis”, esto é o mesmo que digo eu, e o Alcalde-Acctal o sustanciou nunha referencia en dous puntos: adhesión ao Plan e nomeamento de representante, e non houbo ningunha dúbida. Agora dígame vostede en qué parte do Pleno se debateu ou aprobou esto.

Intervén o Alcalde- O feito de que se aprobe a adhesión a un Plan implica a aceptación dos estatutos.

Toma a palabra o voceiro do BNG.- Lea vostede a Acta, vostede non estaba, a aprobación de estatutos non se sustanciou nun debate nin nunha aprobación plenaria e eso é o que estou dicindo, que eso fora un erro non o discuto eu discuto que eu non aprobei ninguns estatutos da Asociación impulsora do Plan Ferrol, non me vote a culpa a mín.

Intervén o Sr Secretario manifestando que me parece que algún Concello me dixo que na orde do día non aparecía a aprobación de estatutos, teño os acordos de Fene, Narón, Neda e Ferrol e no Concello de Mugaros, pon punto 10, adhesión ao Plan de Emprego de Ferrol e á asociación impulsora do Pacto Territorial de Emprego de Ferrol, pero eu o entendo a vostede, houbo unha confusión con si iban ou non os estatutos no acordo, pero no expediente sí estaba o certificado de aprobación dos estatutos, e eu ao día seguinte lle comentei ao voceiro de NAL e ao voceiro do PP tamén.



Toma a palabra o voceiro do BNG- cando se sustancian as votacións neste pleno hai laguen que formula a proposta que logo se aproba e esta é: 1- aprobación dos estatutos.

Aprobación da adhesión e punto 3, nomear representante, e iso aquí non se tratou, isto non é real. Haberá que correxilo. Ademáis quen lea a Acta ve que hai intervención que facemos referencia a esto e se aproban dúas cousas, non tres.

Intervén o Alcalde- manifestando que me dí o Sr. Secretario que no expediente estaba, así que o que podemos facer é ratificalo pola vía de urxencia, antes de rogos e preguntas o ratificamos por vía de urxencia.

Polo que se refire á Acta do 1 de xullo, non é certo o que dí o voceiro do BNG porque eu levantei o Pleno de inmediato, recordo gráficamente a situación e eu levantei o Pleno antes de que vostede levantara a man, nada máis rematar o Secretario de expoñer o punto da Orde do día que era único, eu levantei o Pleno, e vostede solicitou a palabra cando o Pleno xa estaba levantado. A Acta se corresponde coa realidade. Non é correcto que a vostede se lle negara a palabra posto que xa se levantara a sesión.

Toma a palabra o voceiro do BNG – Eu só vou dicir unha cousa, que vostede non queira recoñecer que eu fixen uso da palabra para intervir no Pleno como legalmente me correspondía, e como eu dixen non se poderá votar pero sí falar, que vostede como ratifica xa me deixara coa palabra na boca significa ou ben que vostede lle teña pouco afecto a esta sesión plenaria ou que sexa un maleducado, nada máis.

Intervén Alcalde manifestando que vostede só pode intervir neste Pleno cando o Alcalde lle de a palabra, e vostede interveu cando o Pleno estaba xa levantado. Non se lle negou a palabra a ninguén, se levantou a sesión. O punto era único e logo da exposición se levantou a sesión.

O Sr. Rodríguez Doval di que os medios de comunicación recolleron que nós pedimos a palabra e se nos denegou. Eso é unha incidencia.

O Sr. o Alcalde manifesta que considere oportuno levantar a sesión, e vostede levantou a man cando a sesión xa estaba rematada.

Toma a palabra o voceiro do BNG.- O noso grupo quere que conste nas incidencias que se nos denegou a palabra. Non sei por qué esa obsesión porque non apareza na Acta.

Que conste en Acta que el Alcalde levantou a sesión para que non se interviniera. Non vou discutir máis. Si se vai modificar a Acta do día 13 no sentido que se dixo e se retira o punto 1º do acordo non temos nada que obxectar e a Acta do día 1 de xullo non a vamos aprobar.

Intervén o Sr. Alcalde.- Con respecto a acta do 13, antes de rogos e preguntas o ratificamos pola vía de urxencia e a Acta do 1 de xullo no se pode cambiar porque o que dí o voceiro do BNG non se corresponde coa realidade, e non se lle negou a ninguén a palabra porque se levantara a sesión.

Acto seguinte sometese a votación co seguinte resultado:

Procedemos á votación:

Acta do 29/05/2008 aprobase por unanimidade.



Acta do 13/06/2008 (coa puntualización de logo metelo por vía de urgencia, se acepta a modificación que propón o BNG) aprobándose por unanimidade.

Acta do 26/06/2008 apróbase por unanimidade.

Acta do 01/07/2008. 4 a favor do PSde G 6 en contra (4 PP 2 BNG e 1 Abstención NAL.) polo que queda rechazada a aprobación da presente acta.

**Punto núm. 2.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DESTA CORPORACIÓN DE D. FRANCISCO GARCÍA PREGO.**

Toma a palabra o Alcalde: Esta Presidencia invita ao Concelleiro D. Francisco García Prego para que presente a súa credencial.

Intervén o Secretario manifestando que a Xunta Electoral con data 4/7/2008 expide certificación de Concelleiro a favor de D. Francisco García Prego.

O Sr. Alcalde manifesta que esta presidencia invita ao Sr. Concelleiro electo a que expoña este acto se lle afecta algunha das causas de incompatibilidade sobrevida en relación a esta toma de posesión.

Resposta o Sr. García Prego : Non.

Intervén o Secretario- Por esta Secretaría se certifica que ao abeiro do artigo 75, párrafo 7 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local o Sr Francisco García Prego presentou declaración de bens, actividades e réximen do Imposto IRPF, Sociedades e Patrimonio segundo modificación da Lei 8/2007.

Acto seguinte O Sr. Alcalde pregunta: ¿Xurais ou promoteis pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigación do cargo de Concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado?

O Sr. D. Francisco García Prego resposta : **Prometo.**

**PUNTO 3.- ACEPTACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS POR PARTE DOS CONCELLOS DE MUGARDOS E FENE NO CONCELLO DE ARES PARA A REALIZACIÓN DA EXPROPIACIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DA EDAR.**

Primeiro.- Con data 26 de novembro de 2007 asinouse polos Concellos de Ares, Fene e Mugardos o CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DA CESIÓN OU POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS PARA A EXECUCIÓN DA “ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL, ARES, FENE E MUGARDOS” segundo Anteproyecto aprobado definitivamente o seis de novembro de 2007 polo Presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Segundo.- O dentadito Convenio de colaboración foi aprobado polos respectivos Plenos das Corporacións (Ares : 29-11-07, Mugardos : 30-11-07 e Fene : 28-12-08).



Terceiro.- Na súa estipulación nº. 1 os Concellos asinantes comprométense á adquisición conxunta dos terreos necesarios, ben mediante acordos amistosos ou expropiacións, trámites que levará a cabo o Concello de Ares por ser o máis afectado e no que se ubicará a EDAR.

Cuarto.- Co fin de dar cumprimento ós términos acordados faise necesario proceder a efectuar no Concello de Ares a delegación de competencia ou potestade expropiatoria para a expropiación dos bens e dereitos que figuran detallados no Anteproyecto das obras xa citado; e tal como resulta do anexo nº. 9 “PARCELARIO Y EXPROPIACIONES” TOMO II : MEMORIA Y ANEXOS DO ANTEPROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN : ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL o número de parcelas e as valoracións que se sinalan para os tres Concellos e que son as seguintes :

CONCELLO DE ARES : Número de parcelas : 665, superficie total 123.751,00 m<sup>2</sup>., valoración expropiacións : 813.191,15 €

CONCELLO DE FENE : Número de parcelas : 39, superficie total : 12.741,00 m<sup>2</sup>., valoración expropiacións : 184.152,53 €

CONCELLO DE MUGARDOS : Número de parcelas : 26, superficie total : 6.788,00 m<sup>2</sup>., valoración expropiacións : 61.023,73 €

Quinto.- Os Concellos de Fene e Mugardos por acordos Plenarios de datas 06-03-08 e 29-02-08 publicados no B.O.P. núms. 86 e 65 de 2008 e no D.O.G. núms. 100 e 50 de 2008 acordaron aproba-la delegación da potestade expropiatoria no Concello de Ares

Toma a palabra o voceiro do BNG, manifestando que o noso voto como non podía ser doutra maneira, porque asumimos isto no pasado mes de novembro, de que o Concello de Ares se fixera cargo deste proceso e para o que nós fixemos coma outros grupos, iniciativas para que se levara de xeito máis participativo e máis información e para que todas as persoas afectadas podan defender os seus dereitos.

Sí queremos dicir que ademáis de votar favorablemente este punto, pero temos unha preocupación moi grande que é que o proceso expropiatorio está nunha fase moi lenta e non vamos a cumprir as expectativas das que aquí temos falado pero é evidente que o proceso de contratación según as informacións que temos, xa o comentaban os medios o sábado, do retraso que arrastra esta contratación desta obra e nós sabemos que na obra pública sempre pasa, o que pensamos que se debe de andar con moito coidado, que non hai presa ningunha as veces as fotos e a propaganda impiden ver que os trámites administrativos son como son, eu faría unha chamada máis para que deixemos de lado a propagandoa e as grandes noticias e non sei se a día de hoxe e fago unha pregunta concreta de si se sabe xa cómo se sustanciou o proceso de contratación, xa que de aquí depende o tema da redacción do proxecto definitivo no que temos que meter as modificacións que unhas xa están introducidas e outras non. Aquí hai un retraso notable, e aproveitando que hoxe temos Pleno, a pregunta concreta é si sabemos a estas alturas se hai ou non unha empresa adxudicataria e podemos poñernos a pila para os procesos pendentes e longos

Toma a palabra o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernandez que dí que eu simplemente que vamos votar favorablemente o punto da orde do día tal como ven e cando veña a aprobación plenaria o proxecto definitivo pois xa intervendremos, pero hoxe é a delegación de Fene e Mugardos para a expropiación dos Terreos e vamos votar favorablemente.”

Intervén o voceiro do P.P Sr. José Manuel Cendán Fernández, temos unha posición un pouco máis crítica, creemos que o tema das expropiacións o teñen que levar os Concellos e un concello como o noso con tantos problemas que se teña que facer cargo dunhas expropiacións



entendemos que é unha responsabilidade enorme e quitarlle o morto aos demais Concellos con máis capacidade que nós, e facernos cargo de todo o expediente, vámonos abster, creemos que por xestión e axilidade debería levalo cada Concello e cada un que resolva, e esa é a nosa postura. Expropiar ou negociar cos veciños afectados era mellor facelo dende cada Concello, pode haber recursos e vernos en problemas que non nos atañen directamente e polo tanto vámonos abster.

Visto o Informe do Sr. Secretario de data, 11 de xullo de 2008.

Visto-los preceptos de xeral aplicación, en especial ós artigos 27 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 66 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local; 198 e 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; o Pleno da Corporación co quórum do artigo 47.2.h da Lei 7/1985 e nos termos do artigo 22.2.g da Lei devandita Lei 7/1985 e 64.2.i da Lei 5/1997, do 22 de xullo; por 8 votos a favor (5 P.S.O.E., 2 B.N.G. e 1 NAL) e 4 abstencións do P.P., o que supón a maioría absoluta legal dos membros da Corporación, ACORDA :

Primeiro.- Aceptar as delegacións das competencias ou potestades expropiatorias efectuadas polos Concellos de Fene e Mugardos no marco do CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DA CESIÓN OU POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS PARA A EXECUCIÓN DA “ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL, ARES, FENE E MUGARDOS”.

Segundo.- Notificar a presente aceptación ós Concellos Delegantes e publica-la no B.O.P. e no D.O.G.

**Punto núm. 4.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17 DE XULLO DE 2008 “PETICIÓN SUBVENCIÓN Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PLAN ILUMINACIÓN E OUTROS COMPLEMENTOS NOS CAMPOS DE FUTBOL MUNICIPAIS DE HERBA ARTIFICIAL 2008”**

Dada conta da Resolución da Alcaldía de data 17 de Xullo de 2008, do seguinte teor literal:  
**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17 DE XULLO DE 2008.**

En virtude das competencias que me otorga a lexislación vixente, e en especial, a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local de 2 de abril de 1985, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, pola presente

**VEÑO EN RESOLVER:**

Vista a convocatoria efectuada pola Excma. Deputación, pública no BOP nº 128 de data 5 de xuño de 2008, do Plan de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais d herba artificial 2008.

1º.- Participar no Plan de iluminación e outros complementos dos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, cuxas bases se ofrecen e aceptan na súa totalidade, polo que se solicita a realización do investimento que se indica de seguido:

\* Denominación: Proxecto de instalación eléctrica del campo de fútbol de hierba artificial Prados-Vellos en Ares (A Coruña).



- \* Orzamento total: 96.278,06 Euros.
- \* Achega municipal 36278,06 Euros.
- \* Achega Provincial 60.000 Euros.

2º. Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra prevista no apartado 1º.

3º.- Para o financiamento da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

4º.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarias para a execución da obra.

5º.- Declarar que o concello solicitou unha axuda para o mesmo proxecto á Excm. Deputación, na convocatoria de Programas de apoio ao deporte, dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o ano 2008, publicada no BOP nº 24 do 29 de xaneiro de 2008 xunto con outro proxecto (“Reparación de pista polideportiva municipal en Chanteiro). No caso de que esta axuda sea concedida (“Instalación de alumbrado en el campo de fútbol municipal de Prados Vellos”) o concello pretende solicitar un cambio de obxecto e acometer o segundo proxecto mencionado. A día de hoxe non temos comunicación algunha de dita solicitude.

6º.- Autorízase á Deputación a obeter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

7º.- Facultar ó alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

8º.- Da presente Resolución darase conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre para súa ratificación.”

Toma a palabra o voceiro do BNG.- manifestando que nós vamos voptar favorablemente aínda que nos gustaría por unha razón de preferencia xa que o pedimos oficialmente, que este tema pasara a comisión correspondente e viñese ao Pleno logo. Igual que hoxe ven para ratificar e hoxe remata o prazo de solicitude aínda que ésta é de data 7 de xullo, hoxe podería vir a Pleno e trasladamos á propia Deputación con data de hoxe que hai medios e mecanismos para facelo así, é unha chamada para que as comisións sexan máis vivas.

Fixemos unha proposta no momento en que saíu a subvención con data 5 de xuño, hai mes e medio largo, xa que pareceunos que era o instrumento que daba forma correcta non dende o punto de vista da orde da subvención, criterios, senón dende o punto de vista de abordar esa importante obra. É certo que como consta na propia resolución do Alcalde, o Concello ten que explicitar se a través dunha orde da Deputación, ten solcicitada unha subvención para o mesmo fin e o compromiso de que esta é para o que é, nós estamos satisfeitos porque finalmente se optara por esta vía, senón porque a proposta que é o instrumento correcto para abordar un tema que efectivamente cando a Deputación diseñou os campos de futbol de herba artificial xa naquel momento o grupo de gobernó se deu conta de que quedaban flecos sen cubrir por parte da dotación de herba artificial. Tanto era así que a multitude de concellos se lles planteaba o tema de ter a obra do Campo de



Herba Artificial sen ter o alumado. Así que o tema de quitar Deputación esta axuda, é recoñecer que quedara a medio facer.

Teño que dicir oficiosamente, que o Concello de Ares solicitara a través das subvencións normais que ten a deputación de A Coruña para obras de infraestrutura deportiva, para reparación da pista polideportiva en Chanteiro 20.000 € con presuposto de 40000 € e para esta cun presuposto de 44.000 a cantidade de 34000 €, entendendo que cando se resolva aceptar a inclusión do noso Concello neste Plan da Deputación para o Alumado, teremos que renunciar á subvención anterior e así podería ir automaticamente para a pista de Chanteiro. Ademais na proposta inicial sin ter resolto o Plan que hoxe estamos aprobando aquí, das dúas subvencións que se pedían a deportes da Deputación se outorgaban en concreto 19400 € e pico para instalacións do campo de fútbol de Prados Vellos e nada para Chanteiro, de xeito que se renunciámos á vía da subvención normal ao que pedimos para Prados Vellos nos quedarían 19400 € para isto, e aínda que son datos oficiosos, poderíamos e vai ser así, intergrar as obras de Prados Vellos e que implican unha cantidade moi superior, se nos daban 19000 € e pola vía deste programa 60000 € estamos falando de palabras maiores e temos tamén complementario o Plan no sentido de pedir o cambio para a a Pista Polideportiva de Chanteiro que é unha necesidade, con esta matización de que nos gustaría que se houbera levado a Comisión aínda así a vamos ratificar.”

Intervén o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: simplemente comentar ao respecto do argumentado polo voceiro do BNG que preferiría que fora isto a Comisión Informativa porque eu non estou nas comisións, e pola vía oficiosa nin por outro tipo de vía de ter máis datos sobre este asunto e outros, polo tanto me gustaría e así trataríamos de enriquecer o debate nas comisións informativas e ter esta información e si él aporta de xeito oficioso esta información pois ó mellor chegábase a outro tipo de conclusións e así non ter que renunciar a unha parte da subvención porque xa está concedida por outra vía, e está concedida, e polo tanto sí, pero non estamos de acordo co procedemento de ratificar no Pleno a solicitude de subvención xa que preferíamos o debate na comisión pertinente, e no fondo é pedir unha subvención para un equipamento do campo de Fútbol, e o meu voto vai ser favorable pero co desacordo sobre o procedemento de tralo así na orde do día.

Intervén o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán Fernández: Vamos a votar favorablemente, cando se debateu no Pleno isto, pola denegación da Consellería que nos denegara unha subvención, dicir que eu aportei ao debate que a xestión máis eficaz sería a da Diputación Provincial e se nos deu a razón de que isto era moito máis eficaz que o xestionara a Deputación Provincial e hai que darlle as grazas por sacar esta orde para completar a obra.”

Toma a palabra o Alcalde: “O Alcalde para as diferentes actuacións deportivas recorre a diferentes vías de subvencións; un dos temas pendentes era a iluminación do campo de fútbol, porque a Dirección Xeral de Deporte en nove anos non lle da nin un duro ao Concello de Ares e iso se pode constatar.

E antes cando se recibían te daban, uns 600 € Evidentemente manter as instalacións deportivas con 600 € e nos últimos 8 anos 0 € pois é imposible. O ano pasado se denegou a iluminación desta instalación deportiva por parte deste Dirección Xeral, se trouxo a Pleno e decidimos buscar a financiación por onde se puido, se pediu nun programa ordinario da Deputación porque a convocatoria específica dos Plans, foi posterior. Entón a convocatoria ordinaria se solicitou pero cando se publica unha orde específica se acude a esta orde porque a contía pode ser maior. Para arrancar a pista de Chanteiro tamén lle pedimos á Dirección Xeral de deportes e





tampouco deu nada, e o que da a Deputación metelo aquí porque non habería outra solución. Volvimos a solicitar diferentes actuacións á Dirección Xeral de Deportes e unha delas é a do saneamento da da Pista Polideportiva de Chanteiro, eu espero que este ano esta Dirección Xeral nos arranxe a pista de Chanteiro e cos 19000 €podamos facer outra cousa. Se non nos dan nada haberá que facer igual a obra da pista de Chanterio e o faremos coa Deputación e gracias a ela, que é realmente quen está adecuando instalacións de toda a provincia con fondos propios.”

Intervén o Sr. Rodríguez Doval e di que só quero decirlle dúas cousas, me protexe o regulamento, e teño dereito a réplica e vou ser moi breve, non é certo que a Dirección Xeral de Deportes dende hai 9 anos non lle dera nada a este Concello, é falso e lle vou dicir por qué. A obra final que se fixo na pista polideportiva cuberta do Pavillón é un convenio entre a Deputación e a Dirección Xeral de Deportes, non sei en qué ano pero non diga dende hai nove anos, as obras as contratou a Deputación cunha parte pequena de diñeiro que puxo a Dirección. É ridículo o presuposto que está a manexar a Dirección Xeral de Deportes e a contactei e me dixo que ten 100000 €para toda a provincia, e non pode facer nada para toda a provicia.

Expresa o Sr. Alcalde: “Eu teño o listado do ano pasado e aparece un concello de Lugo, o de Riotorto ao que lle deron 300000 €”

Intervén o voceiro do BNG: manifestando que ao mellor tiñan que darllos , eu non levo o de Riotorto.

Acto seguinte sometese a votación a ratificación da Resolución da Alcaldía anteriormente transcrita e o pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

### **Punto núm. 5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DO EXERCICIO 2007**

Dada conta da Resolución da Alcaldía de data 28 de febreiro de 2008, do seguinte teor literal:

#### **RESOLUCION DA ALCALDÍA:**

Visto o informe emitido pola Secretería-Intervención no uso das atribucións que me confire no artigo 191.3 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

#### **RESOLVO:**

1º.- Aproba-la liquidación do presuposto 2007, que ofrece o seguinte resultado presupuestario:

A) Operacións correntes	
Dereitos recoñecidos netos.	4.342.124,04.-
Obrigacións recoñecidas netas.	-3.206.875,61.-
B) Operacións correntes non financeiras.	
Dereitos recoñecidos netos.	1.053.899,39.-
Obrigacións recoñecidas netas.	-809.458,66.-



<b>1.- Total operacións non financeiras (a+b).</b>	
Dereitos recoñecidos netos	<b>5.396.023.43.-</b>
Obrigacións recoñecidas netas.	<b>-4.016.334,27.-</b>
<b>2. Activos financeiros.</b>	
Dereitos recoñecidos netos.	0,00
<b>3.- Pasivos financeiros.</b>	
Dereitos recoñecidos netos.	585.000,00
Obrigacións recoñecidas netas.	-78.180.24.-
<b>CALCULO RESULTADO PRESUPOSTARIO DO EXERCICIO</b>	
Dereitos recoñecidos netos.	5.981.023.43.-
Obrigacións recoñecidas netas.	-4.094.514.,51.-
<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO.</b>	<b>1.886.508,92.-</b>
<b>AXUSTES:</b>	
<b>4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería</b>	
Para gastos xerais.	473.518,24.-
<b>5. Desviacións de financiación negativas do exercicio.</b>	328.156,63.-
<b>6. Desviacións de financiación positivas do exercicio.</b>	1.279.187,71.-
<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO.</b>	<b>1.408.996,08.-</b>

2º.- Enviar copia da liquidación do presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, de conformidade có disposto no artigo 193.5 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Rexto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- Dar conta ó Pleno.”

Ten a palabra o voceiro do BNG., Sr. Rodríguez Doval :A lexislación obriga a rendir contas non máis tarde do mes de marzo e a miña pregunta é porque despois da aprobación da liquidación do presuposto do exercicio 2007 que lle corresponde ao Alcalde, e nos extraña que non se dera conta dende febreiro, houbo máis sesións e nos extraña que non se trouxera aquí.

Outra cousa é que dentro dos números que nos interesaba que se miraran a través dunha auditoría e tal e como se acordou no acordo plenario de 30 de agosto do ano pasado, hai 11 meses. A Auditoría nos aclararía moitas dúbidas sobre estes números que hai que ser un experto para entender. Abogamos porque se clarifiquen as contas xerais como acordamos no Pleno do 30 de agosto.”

Intervén o Voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández,: Como este asunto é dar conta e a liquidación forma parte da Conta Xeral e ten que ir á aprobación do Pleno, pois alí intervirei máis exhaustivamente pero en principio esta é a liquidación dun presuposto prorrogado, de dous administracións distintas, haberá que revisala e no que acaba de argumentar o voceiro do BNG, foi dos exercicios anteriores porque cando se solicitou pois estaba en vigor o exercicio do que ven hoxe a darse conta e así non se podía pedir a auditoría deste exercicio vimos a dar conta e como non hai que votar nos damos por enterados.

Intervén o voceiro do PP o Sr. Manuel Cendán Fernández, : manifestando que únicamente este é un trámite de dar cota no Pleno, haberá debate cando se veña a dar conta do presuposto e este é só un trámite administrativo e o deixaremos para máis adiante. Manteño que a metade deste ano



2007 me correspondeu a mín, e Ares é e foi nos últimos anos eficaz, nos anteriores tamén, as contas sempre se presentaron en tempo e forma ante o Tribunal de Contas e somos exemplares.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que no que se refire ao acordo plenario da execución dunha auditoría, acordamos remitilo ao Consello de Contas entón é certo que como nós cando hai eleccións municipais e se producen cambios de goberno nos Concellos, pois é un acordo bastante habitual que as corporacións entrantes acorden o que nós, auditar as contas correspondentes á lexislatura anterior. Eu falei con quen sería o Conselleiro Maior do Tribunal e me dixo que efectivamente que acordos como o de Ares recibiron moitos e que están colapsados, e non sei cando nos tocará. No Consello de Contas entraron moitas solicitudes como a nosa e ese vai ser un dos problemas que vamos ter para obter unha auditoría pública que é o que acordamos.”

O Sr Secretario toma a palabra: “Quería matizar o asunto do retraso de que veña ao Pleno unha vez feita a Liquidación, eu fago os informes como Secretario e como Interventor, en base a un resume macroeconómico do Concello, logo é Asistencia a Municipios quen reparte o traballo polos Concellos de A Coruña e vai facendo os axustes en todos os Concellos. Este ano Asistencia a Municipios douno máis tarde e o que é a redacción definitiva está feita de agora aínda que o resume e os informes están feitos do 28 e febreiro. Poden dar lectura aos resúmes que é o que me interesa a mín, o teñen vostedes en papel.”

O Concello Pleno dase por enterado.

## **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

### **Punto núm. 6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval manifestando que unha cuestión moi breve, a insistencia de que aparezan todas as resolucións e xa sei que todas as que están son, pero non están todas as que son, unha chamada á inclusión, de resolucións de aprobación do gasto por exemplo, porque dende a anterior sesión plenaria tivo que haber e se non me calo, algunha outra máis. Tamén comentar que habería que tratar de mellorar o acceso ás resolucións aos grupos municipais, non ao día quie xa sabemos que non se fai en ningunha corporación, pero sí tratar de fiscalizar dalgún xeito este tema e melloralo como tamén se melloraron outros aspectos informáticos e se está a traballar neles. Habería que proporcionar un mecanismo para acceder a esta información do xeito máis ao día posible, e tratar de arrancar os problemas informáticos para permitirnos aos membros da Corporación levar o máis próximo posible a fiscalización sobre os gastos que se nos permite por lei. Simplemente facer esta chamada ao respecto das Resolucións de Gasto.

O Concello Pleno dase por enterado.



## **Punto núm. 7.- MOCIÓNS E PROPOSTAS**

└Dase conta das Moicións do BNG e do PSdeG-PSOE do seguinte teor literal:

### **A) MOCION DO BNG “MODIFICACIÓN DA DIRECTIVA EUROPEA SOBRE TEMPO DE TRABALLO”.**

#### **Exposición de Motivos.**

O pasado 9 de xuño en Luxemburgo, os ministros e ministras de Traballo dos 27 Estados da Unión Europea aprobaron, por maioría cualificada, a proposta de modificación da Directiva Europea sobre Tempo de Traballo.

Entre as modificacións previstas está a de incrementar a xornada laboral semanal, superando as 48 horas actuais, que poderá chegar até as 60 horas semanais e, no caso dos traballos con gardas, até as 65 horas. Estas xornadas poderán facerse en cálculo trimestral, co cal as horas semanais aínda poderán ser máis, xa que o único requisito para este incremento de xornada é un acordo individual entre a empresa e o traballador ou a traballadora.

Esta proposta do Consello de ministros e ministras de Traballo da UE chega logo de catro anos de debates e seis intentos frustrados, e racha con toda unha traxectoria, moi anterior á creacción da UE, de redución das xornadas laborais.

Claro que tamén debemos destacar o apoio decidido do PSOE e esta modificación, co significativo abandono no transcurso da reunión onde se acordou do ministro español de Traballo, e a abstención na votación da delegación do Goberno español, que resulta aínda máis grave.

A loita pola minoración da xornada e unha constante da historia do movemento obreiro. A finais do século XVIII e comenzos do XIX, os traballadores e traballadoras facían xornadas de até 16 horas diarias, dando lugar ao “Movemento polas dez horas” que, logo de anos de protesta, consegue as dez horas laborais, aprobada polo Parlamento inglés en 1847, cumpríndose inicialmente só para homes menores de dezaioito anos e mulleres de calquera idade; posteriormente en 1874, xeneralizouse a todos os traballadores e traballadoras o límite máximo de 10 horas ó día. E agora a xornada proposta polos ministros e ministras da UE vólvenos a aquela data do ano 1847.

A primeira regulación que aborcou unicamente á duración da xornada laboral foi na Conferencia Xeral da Organización Internacional do Traballo (OIT), hai 91 anos, na que se acordou unha xornada de 8 horas ao día e 48 horas á semana. E en 1983, aprobouse no Estado Español, que a xornada máxima sería de 40 horas semanais.

Para o BNG, esta proposta dos ministros e ministras de Traballo da UE, é o maior retroceso social dos últimos anos e via no camiño contrario dos logros que, logo de moitos anos de loita sindical, dábanse por consolidados.

Cada vez máis a desregularización do mercado laboral, dende normativas ou sentenzas europeas, incide negativamente nas conquistas sociais dos traballadores e das traballadoras galegas.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorable do Pleno da Corporación Municipal de Ares para a adopción dos seguintes



### **ACORDOS:**

**1. Rexeitar a proposta de modificación da Directiva sobre Tempo de Traballo realizada o pasado 9 de xuño, pola maioría cualificada de ministros e ministras de traballo da Unión Europea.**

**2.- Trasladar este acordo á Presidencia do Goberno do Estado, á Presidencia do Parlamento Europeo e a todos os Grupos Parlamentarios que conforman a Cámara Europea.**

**3.- Instar á Xunta de Galiza a dirixirse al Goberno Central demandándolle que manteña en todas a reunións oficiais que se celebren sobre esta problemática unha posición claramente contraria a modificación desta Directiva.**

### **B) MOCION DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA “XORNADA LABORAL DE 48 HORAS E DA NEGOCIACION COLECTIVA”.**

#### **“ Exposición de Motivos.**

En 1917 la Organización Mundial del Trabajo (OIT) aprobó que el tiempo máximo de trabajo semanal sería de 48 horas, poniendo así fin a una larga historia de jornadas prolongadas y penosidad laboral propias del siglo XIX y de la Revolución Industrial.

La medida ha supuesto una constante en el Derecho Laboral europeo, tanto a nivel nacional como, con la formación de las Comunidade Europeas, en el marco comunitario. Su probado éxito en las relaciones laborales ha llevado incluso en algunos sectores y en algunos países a reducir el tiempo semanal de trabajo a las 35 horas.

Sin embargo, hemos conocido en los últimos días que las autoridades comunidades pretenden ampliar el tiempo máximo de trabajo semanal hasta las 60 horas de modo general y hasta las 65 para determinados sectores, dejando a la negociación individual entre trabajador y empresario la fijación de los horas concretas de trabajo semanal, en una práctica conocido como “opting out”.

Consideramos que la ampliación a 60 horas del tiempo de trabajo semanal es un retroceso histórico en las relaciones laborales y en las costumbres europeas en el ámbito del trabajo. De igual modo, creemos que la construcción europea se debe sustentar en las mejoras sociolaborales de los ciudadanos y ciudadanas de la Unión, y no en priorizar medidas de calado económico de dudoso beneficio para la sociedad.

De igual manera, consideramos que dejar a la negociación entre el trabajador y el empresario la fijación de las horas máximas de trabajo semanal supone menoscabar otro de los pilares fundamentales de nuestro sistema de Derecho Laboral, como es la negociación colectiva, consagrada en el artículo 37 de la Constitución.

No estamos de acuerdo con una medida de esta naturaleza, que perjudica la conciliación entre trabajo y vida familiar; que es contraria a la seguridad y a la salud en el trabajo; y que abre la puerta a prácticas de competencia desleal entre empresas.



La directiva con la que se pretende ampliar la semana laboral rompe con la tradición del derecho laboral europeo y quiebra los principios que establece el nuevo tratado de la Unión Europea.

Por todo ello el Grupo Socialista presente para su aprobación por el Pleno del Ayuntamiento, en virtud del art \_\_\_\_ del Reglamento Orgánico del Pleno siguiente

### **MOCION**

Por la que se establecen los siguientes acuerdos:

- 1.- El Ayuntamiento de ARES expresa su confianza en el diálogo social y en la negociación colectiva, reconocida en la Constitución, como medios para la adopción de acuerdos entre los agentes sociales en el ámbito laboral.
- 2.- El Ayuntamiento de ARES expresa su rechazo a la propuesta de directiva de la Unión Europea que pretende ampliar el tiempo máximo de trabajo semanal a 60 horas con carácter general y 65 horas en determinados sectores, pues supone socavar los cimientos del derecho laboral comunitario, expresando igualmente su apoyo al actual tiempo de 48 horas, que viene rigiendo las relaciones laborales en nuestro contexto legal desde 1917.
- 3.- Los Grupos Municipales de esta Corporación expresan su apoyo al Gobierno de España para que emprenda las iniciativas oportunas en el ámbito comunitario de cara a mantener la actual semana laboral de 48 horas y la vigencia de la negociación colectiva como vía para alcanzar acuerdos en el ámbito laboral.
- 4.- Igualmente, los Grupos Municipales de este Ayuntamiento instan a los grupos políticos representados en el Parlamento Europeo a tomar las medidas adecuadas en idéntico sentido de mantener la actual semana laboral de 48 horas y la vigencia de la negociación colectiva para lograr acuerdos laborales.”

Ten a palabra o Voceiro do BNG: Antes de nada unha cuestión de método importante e que a verdade que confeso que confiei no Alcalde na xuntanza de voceiros e que se dixo que había dous Mocións polo mesmo tema e creimos que estaban presentadas polo procedemento ordinario que é a través do Rexistro Xeral e antes de estar convocada a Xuntanza de Voceiros, e se dixo polo Alcalde nun Pleno que non recordo, que se incluírían todas as Mocións Presentadas no momento que se celebre a reunión de voceiros. Se nos dí que hai dúas e a nosa sorpresa é que o que figura na orde do día é unha Moción do BNG presentada con data 7 de xullo e que houbo unha xuntanza de voceiros o 24 de xullo, presentada con antelación, polo rexistro, e logo hai outra Modelo de Moción a favor da Europa Social, asinada polo grupo Municipal Socialista e que non está pasada polo Rexistro. Eu non lle vou dar máis voltas a esto, creo que efectivamente é claro que aquí só podería ser incluída unha Moción na orde do día deste Pleno, se poderían facer modificacións, emendas, nin parece un bo método de funcionamento, non parece boa regra de xogo. Se tal e como o entendemos nós aquí, fose do PSOE ou do BNG non debería estar incluída na orde do día, se fose do BNG non estaría na orde do día. Nese aspecto vamos defender a nosa Moción e vamos pedir que non figure na orde do día a seguinte Moción, porque si se fixo inconscientemente foi un erro e si se fixo conscientemente é cargarnos as regras do xogo porque é do grupo de goberno, eso non é así.



Creo que o PSOE como grupo político ten os mesmos deberes que o resto dos grupos e rexistrar unha Moción para ir a Pleno é un deber que temos que cumprir todos.

Con respecto á nosa Moción, Quero dicir que o Alcalde nos dixo que ían presentar outra similar e teño que dicir que de similar teñen máis ben pouco, sólo coinciden en que a todos nos parece mal que a U.E. aprobase unha Directiva que supón romper cunha trayectoria de defensa dos inetees das clases traballadoras que se remonta ao século XVIII e XIX e oacadado con sangue e sudor hoxe, abramos as portas a cargarnos isto e pase a xornada laboral de 40 horas a 65 horas semanais. No resto non hai coincidencia porque efectivamente nós o que pedimos é que se lle pida á Presidencia do Parlamento do Estado, da U.E. está a Xunta tamén para que demanden. No outro escrito que está aquí se dí que o Concello de Ares expresa a súa confianza no diálogo social e a negociación colectiva e dí que os grupos municipais expresasn o seu apoio ao Goberno de España, pois non.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que A Moción do Grupo Socialista será exporta por este, e vostede expoña a súa.

O Sr. Rodríguez Doval di que estou a falar do método, e vou ser máis claro, se houbo catro anos de negociacións e o representante do Goberno Español se abstuvo da votación e se levantou da mesa de negociación e o mesmo partido pida apoio para o Goberno de España esto é contrario e non estamos de acordo con esta actitude. A verdade que como membros que somos dun estado que puido dicir non e non o fixo e tratándose como se trata de retrotraernos no tempo e nas conquistas sociais pensamos nós que moito de abrir unha espita para regularizar o mercado de traballo se faga entre comillas, porque houbo un acordo entre empresas, e traballadores a título individual e condicionando que logo os traballadores non se vexan como grupo e moitos podan atopar este tipo de decisións creemos nós, que se están dando pasos na perda de dereitos entre os traballadores e traballadoras e insisto aquí, porque para o caso das mulleres supón apartalas do mundo do traballo e condenalas ás súas labores. Nós pensamos que é unha medida retrógrada que nos volve atrás e hai que poñer a carne no asador e rexeitar estas medidas e nós, non é a nosa competencia neste Pleno, pero representamos a unha cidadanía preocupada polo futuro e pedimos ao Concello que aprrobe as propostas que son:

- 1º.- Rexeitar a proposta de Modificación da Directiva.
- 2º.- Trasladar este acordo para que os Gobernos tomen boa nota.
- 3º.- Crear unha conciencia social para que esto non se leve a cabo.

Toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que sen entrar no fondo que vamos estar de acordo todos os voceiros, sí dicir que quero discrepar co ponente da Moción e dicir que as Mocións non son tan distintas, e son practicamente iguais e pasa que os acordos do PSOE están en catro puntos e o BNG en tres. Pero o que se solicita é o mesmo. Eu rogaría aos dous proponentes das Mocións facer unha Institucional porque neste tema vamos estar de acordo e quitar o párrafo por dar un dato, onde se fai unha crítica por partye da Moción do BNG aos Diputados Españois no Parlamento Europeo, e eu creo que quitando este párrafo as dúas Mocións son o mesmo e vamos acordar nas propostas de acordo cambian na redacción pero no fondo son o mesmo.

Dicir que rechazo totalmente a Directiva que se aprobou en Europa e polo tanto estou a favor das Mocións no fondo da cuestión e rogarlles que se poñan de acordo e presenten unha institucional e esto non da para máis. Ó mellor habería que engadir algún párrafo e si a polémica esta no párrafo onde se critica aos representanets socialistas pois se quita e xa está. O meu voto vai ser favorable.



Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. José Manuel Cendán Fernández, Creo que coincido co BNG con respecto á abstención do goberno español sobre este tema, está claro que temos que esixir ao Goberno Español o posicionamento e negativa e non únicamente a abstención. Temos que esixir nos acordos o posicionamento. Creo que a xurisprudencia sobre traballo neste país xa recolle a Constitución Española, creo que os convenios colectivos son forza de lei en España e hai asinados máis de 6000, e a xornada laboral media en España é de 38 horas e creo que temos que seguir por esta vía e xa temos recollida no Estatuto dos Traballadores e establecida unha xornada de 40 horas e nos convenios da U.E. ratificados por España, que forman parte todos do ordenamento xurídico por aplicación do artigo 10 da Constitución. Creo que o Goberno Español tiña que telo claro e unha chamada de atención pola defensa das 40 horas semanais do Estatuto dos Traballadores e hai que loitar porque siga vixente.

Admitimos que tanto na Moción do BNG como na do PSOE se propón o acordo:

1º: “O Concello e Ares rexeita a directiva Europea por perjudicar os intereses sociolaborais dos traballadores.” Este é o primeiro acordo e coincidimos. 1ª do PSOE.

2º.- Que non ven reflexada e hai que ampliar “O Concello de Ares manifesta a súa confianza en que a Negociación Colectiva siga a ser a vía e o eixo para acadar acordos no ámbito laboral e en particular para establecer a xornada laboral”

3º.- “O Concello de Ares insta ao goberno central a modificar a súa tibia actual posición ante esta nova directiva e votar non ante os futuros debates da directiva ante a U.E. e no seo dos debates da Unión Europea.”

4º.- O Concello de Ares insta a tódalas formacións políticas con representación no seo da U.E. e no seo do Parlamento Europeo e emprender as medidas oportunas para non aprobación da nova Directiva.”

Esto é o que nós vamos apoiar, ven pouco tibio e hai que instar ao goberno central a que vote non á Directiva.

Intervén o Sr. Alcalde, manifestando que por unha cuestión previa que plantexou o voceiro do BNG, aquí a única condición que se puxo para levar tódalas Mocións ao Pleno era que primeiro foran á Xunta de Voceiros. Entón esta Moción estivo na mesa na Xunta de Voceiros, e vostede alí pudo rexeitala e no a rexeitou, por non ter rexistro e na xunta estivo enriba da mesa, é irreprochable, vostede se viu que non tiña rexistro debería dicilo na Xunta de Voceiros. Esta Xunta é un exercicio do debate do Pleno, está para manifestar sobre o que un non está de acordo para que esta Alcaldía decida o que vai a Pleno ou non, como non hai maioría absoluta, así se consensúa o que vai a Pleno. A vostede hai que recordarlle sempre a doutrina dos seus propios actos. Vostede de aquela asentíu e a Moción ven a Pleno porque se puxo na Mesa na Xunta de Voceiros ese é o requisito que se puxo, pasar pola Xunta de Voceiros, e se vostede quería plantexar reparos era alí, e se a Moción non tiña rexistro, se baixa e se pon no momento. A nosa Moción veu á Xunta, e estivo a disposición de todos. Do conxunto de inervencións, efectivamente podemos deducir, que todos rexeitamos a proposta de modificación da Directiva de aumento da xornada laboral a 60 ou 65 horas en determinados empregos, e todos estamos de acordo co rexeitamento e instamos ao goberno de España e a quen corresponda a defender a xornada laboral de 40 horas ese ese é o espírito que nos move a todos podemos votar unha posición común que rexeite a proposta de modificación e inste ao Goberno a defender a proposta vixente dende o 1917 que son as 48 horas semanais.”





O Sr. Rodríguez Doval di que a interpretación da metodoloxía non se pode facer según lle conveña a un, e se dixo por unha Moción nosa rexistrada o mesmo día. O acordo que se dixo aquí era as Mocións que estén presentadas, e eu me fiei da súa palabra, e na reunión de voceiros me dixo hai dúas Mocións, non cando veño e a entrego nunha reunión, senón cando vou a rexistro para que se inclúa nun Pleno. Mire o que pon a súa Moción. Moción dirixida ao Pleno para ser incluída na Orde do Día do vindeiro Pleno. Nós o fixemos pero non o fixo quen o tivo que facer. Vostede convoca a xunta de voceiros o día 21 e había para incluír nesa reunión unha Moción, a que tiña o BNG dende o 7 de xullo, o día 22 había dúas, o seu escrito leva data do día 22 e así non é. Temos que marcar unha mecánica e sei que si a Moción do BNG non estivera pasada polo rexistro non se levaría ao Pleno. E alucino coa modificación das tramitacións segundo interesara. O Rexistro Xeral é o Rexistro Xeral e a Xunta de Voceiros non ten as competencias de Rexistro. As Mocións teñen que pasar por Rexistro e en 25 anos que levo aquí, é a 1ª vez que se inclúe nas Mocións do Pleno unha non rexistrada. Inauguramos unha nova etapa pero démola inaugurada para todos. Vostede quería que non chegara a Moción do BNG en solitario para debatir e poñer vostede a súa do PSOE, a clave disto é respetar as regras do xogo e é moi difícil, e non fixemos isto por protagonismo senón para que a corporación se fixera eco disto. A nós válenos o rexeitamento da directiva Europea e válenos que o sentir do Concello de Ares se transmita a quenes son os encargados de defender estes intereses na U.E. en calquera caso na introducción facemos unha referencia á posición que tivo o goberno, é unha opinión pero non pedimos o apoio dos demais grupos e tampouco o que dí a Moción do PSOE de apoio ao Goberno de España, porque así non empezamos.”

Intervén o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán manifestando que a mín me vale con estes puntos.

Intervén o Sr. Alcalde: “Para recapitular para ir a Pleno ten que pasarse pola Xunta de Voceiros, alí metemos ou sacamos temas, non é para decirlle a vostede o que vai a Pleno, que para iso lle convocan senón que é para dicir que vai a Pleno e que non vai, e vostede puido dicir que a Moción do PSOE non fora a Pleno, e non o dixo, e o que se ve na Xunta de Voceiros e goza co acordo maioritario de todos vai a Pleno e puido dicir que a Moción do Grupo do PSOE non fora a Pleno porque non tiña rexistro e non o dixo Sr. Rodríguez Doval.”

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval manifestando que eu son unha persoa con sentido común. Alcalde me fiei da súa palabra, dixo que había unha Moción e ten que estar rexistrada”.

O Sr. Alcalde propón votar unha transacción entre todos de rexeitamento á xornada laboral que propón a proposta de modificación da Directiva, Instamos ao Goberno a que defenda a Xornada Laboral de 48 horas.

Intervén o Sr. Rodríguez Doval e di que eu pido que non se poña nin 40 nin 48 horas porque hai unha horquilla”.

Toma a palabra o Sr. Alcalde proponiendo que:” **Rexeitamos a proposta de modificación da directiva e rexeitamos expresamente a ampliación da xornada laboral tanto a 60 como a 65 horas e Instamos ao Goberno a que defenda a xornada laboral actual., recollida nos Estatutos dos Traballadores e a Constitución Española.**”

Sometida a votación a anterior proposta e aprobada por unanimidade.



### **C) PROPOSTAS POR VÍA DE URXENCIA**

#### **APROBAR POR VÍA DE URXENCIA OS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN IMPULSORA DO PLAN FERROL.**

Intervén o Alcalde: “Procedemos á votación da Urxencia da aprobación dos Estatutos da Asociación Impulsora do Pacto Territorial do Emprego do Concello de Ferrol

Aprobada a urxencia por por \_ (PSOE; PP E NAL) votos a favor e 2 en contra /abstencións (BNG)

Procedemos a votar a aprobación dos Estatutos da Asociación Impulsora do Pacto Territorial do Emprego do Concello de Ferrol.

Aprobados por \_votos a Favor ( ), \_ votos en Contra ( ), Abstencións, ( )

#### **Punto núm. 8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Ten a palabra o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval manifestando que temos varias cuestións que están concatenadas dalgún xeito e vou ser o máis conciso posible; a respecto do Saneamento en Chanterio queremos saber si se leva o tema do abastecimento, e preguntaría, primeiro ¿cal é a situación do proxecto?, ¿cándo vai vir o praxecto a aprobación pola Corporación e qué sabemos do compromiso orzamentario e da disponibilidad real para executar estas obras, para que o que dixo o Conselleiro en outubro do 2007 ó Concello de Ares, poda facerse realidade?.

Outra pregunta é ¿cómo está o tema da elaboración da RPT, aclarando que xa entramos nese primeiro grupo da Deputación para facer unha primeira actuación, pois temos economicamente xa unha dotación e o Concello en principio vai ter unha subvención, cáles van ser os pasos a dar para efectivizar de xeito definitivo e pensando no exercicio do ano 2009 a disponibilidad dunha RPT que aclare a situación e o esqueleto en canto ao temo de traballadores/as deste Concello e todo aquilo que axude a que administración funcione mellor para os cidadáns? esa é a pregunta.

Outra pregunta: ¿Cómo está o desenvolvemento do acordo do ultimo Pleno a respecto do Plan de Vías municipais, se falou con algunha consultora, hai proxecto...?

Outro tema: Plan de Tráfico, temos pedido unha documentación, que aínda non se nos dou, e pedimos os documentos que sustentan un denominado Plan de tráfico, e non é tal porque non o aprobou ningún órgano da Corporación, serán unhas medidas. Pedimos que se axilice esa documentación e que se leve a unha Comisión Informativa, tal e como pediu a miña compañeira, e se abra un debate importante a respecto do que ten que ser un Plan de Tráfico, partindo de dúas cuestións, que teña vontade de permanencia, non o Plan da Actual Corporación e vamos tentar do consenso que se predica que se faga real. E en segundo lugar este Plan ten que ofrecer solucións, partindo de que efectivamente a parte de política impositiva de multas e avisos, ten que solucionar problemas, porque a maioría dos problemas derivan de cuestións non imputables aos peóns nin aos condutores, senón a un núcleo urbano e outros núcleos que non teñen solucionado o tema dos aparcadoiros.

Outra petición , o día 17/10/2007 salíu unha nova onde dí que “ O Conselleiro de Medio Ambiente vai garantir o Saneamento en Chanteiro, e dí tamén que o departamento de Manuel Vazquez comprometeuse a levar a cabo outro proxecto por fases en Ares que se trata da Contenerización soterrada en Ares” esta noticia ratificada cunha nota, colgada tamén na web do Concello, que dí o Concello inicia o soterramento do contenedores na Avda de Mugarbos e na Porta do Sol, o 21/11/2007, o 23/07/2008, hai unha semana, leemos unha nova que dí que o Concello anuncia a instalación na vila de 3 puntos de contenerización soterrada e dí que se recibiu unha



comunicación da Consellería de Industria de que concede unha subvención de 48.000 € para un investimento que cegaría aos 80.000 €. Era simplemente ¿si se pode clarificar por qué a Consellería de Medio Ambiente non cumpríu algo que dixó aquí e ninguén lle preguntou?, e logo nos parece chamativo que se anuncie que faga as obras unha Consellería do equipo de goberno que goberna no Concello e logo finalmente execute as obras outra Consellería que é precisamente a de Industria, do cal nos alegramos, e que o que anuncie a de Medio Ambiente o teña que facer a de Industria.

Convite ao Acto de Bicicletares; o noso grupo recibeu unha invitación da Concelleira de Cultura para que unha persoa do noso grupo esté no acto de posta en marcha deste Servizo, nós somos favorables a este servizo, se pon en funcionamento de xeito experimental, se pon en marcha unha ordenanza que sexa efectiva, entón quero pensar que adianto que eu non podo asistir por ir ao médico, e non sei se pode ir a miña compañeira que ten problemas de traballo, e queremos supor que dado que mañá se pon en marcha este servizo que está deseñado en función dun programa que ven da Deputación da Coruña, en concreto do area que preside o Vicepresidente D. Pablo Villamar, e queremos pensar que se lle tería cursado invitación ao Sr Vicepresidente, porque se interesou por este proxecto, e eu non o puiden aclarar e efectivamente se lle cursaría invitación. Quero pensar que é de ben nados ser agradecidos e basta que se interesara no seu momento para que agora non o invitáramos.

Outra cuestión sobre as actividades culturais, ou de lecer que van saíndo ao marxe do que era o calendario deseñado polo Concello, e era ben facer un esforzo no terreo informativo e organizativo, é complicado pero hai moitos medios, pero hai que emplealos ben. Que se informe ben á cidadanía, e usar tódolos métodos ao noso favor e chamar a atención ao tema de saber onde se fagan as cousas e que diseña os carteis sepa onde vivimos, eu teño un cartel que anuncia Xogares, xogos tradicionais na rúa, Domingo 6 de xullo, Avda de Rodríguez Meneses, eso nin co Tom Tom o das atopado, en Ares non existe, e como me da a impresión que isto é un dos excepcionais traballos que fai o Asesor de Cultura que tendo outro oficial, contratou o Sr Alcalde, creo que está ben que lle dera unha reprimenda para que aprenda o roteiro, e eu non son partidario de pagar uns carteis pola incompetencia dunha persoa que non sabe nin o nome das rúas, creo que non nos sobra o diñeiro.

Programación do Concello nos Programas Dixitais. O noso Concello ten solicitado a través dun escrito presentado no Rexistro que o Concello participe nun programa que vai levar a cabo a Consellería de Industria a través da Dirección Xeral de Información da Sociedade da Información que permitiría ó noso xuízo, afrontar deste temas de modernización do funcionamento interno da Corporación no referido ás novas tecnoloxías, e polo tema de que podamos resolver algo que non se está a resolver que é que a banda ancha poda ser unha realidade se non no 100 % do municipio na maioría que se poda, nós incluímos aquí unha proposta dirixida ao Alcalde para que o Concello se adherira a este programa, e queremos saber si se fai porque o prazo para presentar os proxectos remata o 4 de agosto e queda moi pouco, e é unha boa forma independentemente de que haxa outras e así poder avanzar e adherirnos a ela.

E logo o tema das normas do Hábitat, no debate que tivemos tan interesante a respecto das nosas posicións de cada un, recollidas nas Actas, nós deixamos claro a importancia que tiña que non só os Concellos impulsaran as cousas senón que nos diran instrumentos para poder levalas acabo xa daquela indicamos que había un orden de subvencións por parte da Consellería de Vivenda e Solo para que os Concellos ao marxe da disponibilidad que teñan de técnicos/as para levar a diante o urbanismo normal, pois de que os Concellos tiveran achegas económicas para contratar xente para o cumprimento das normas do Hábitat que son, pois fundamentalmente casi de xeito único, pero non



as normas de habitabilidade, as células de habitabilidade, as licenzas de 1ª ocupación, ou sexa do cumprimento da habitabilidade dos pisos.

Acabamos de leer hoxe pola mañá unha nova onde figuran 154 Concellos que por certo da nosa área xeográfica practicamente todos, dende Ferrol, As Pontes, Neda, ata Ames (que sorprende) e sorpresa para nós moi desagradable e máis sabendo que a través dese instrumento pódese resolver algo o problema de Ares e podería ser unha achega a tempo parcial ou de xeito compartido con outros Concellos, a miña pregunta é por qué razón en Ares pudiendo participar (teño que informar que se deu a tódolos Concellos que pediron) non se pediu. E no caso do noso Concello sería moi necesario para a vixianza das Licenzas de 1ª Ocupación e non vaia ser que teñamos problemas con elas e non ter persoal para darlle solución, era a pregunta e con isto xa remato este punto de suxestións.

Alcalde: “Polo que se refire ao Saneamento de Chanteiro o proxecto está en Augas de Galicia dende febreiro, e se levou a Chanteiro en decembro, a partir do 15 de decembro, houbo unha xuntanza cos veciños no Outeiro, e gracias a esas suxerencias se modificou o proxecto, voltou á enxeñería para a modificación, a finais de xeneiro se entregou o proxecto modificado no Concello e éste o remitiu a Augas de Galicia e como depende dos informes preceptivos da COTOP, Augas de Galicia e outro organismo máis, pois está na tramitación administrativa para a súa execución, acada 1300.000 € e ten que sair a concurso e facerse un prego de condicións técnicas e sigue a súa tramitación. Ó longo do vindeiro ano o compromiso é de execución e en calquera caso son os compromisos que temos de Augas de Galicia e do Conselleiro de Medio Ambiente, e se está a tramitar en Augas de Galicia.

En canto á RPT non hai subvención, simplemente a Deputación sacou un programa para poñer un equipo a disposición dos Concellos e a través deles facer a RPT, estamos incluídos e á espera de que veñan por aquí e o fagan. Nós nos incorporamos a unha lista da Deputación para que nolo fagan e aforremos diñeiro.

O Plan de Vías Municipais se debateu nun Pleno, nos comprometimos a levalo a unha Comisión para falar dos diferentes Plans e obras que vamos acometer e se vai actuar sobre as que estemos todos de acordo e se falou no Pleno anterior e temos que facer un programa en virtude do cal metamos unha cousa primeiro e outra despois. E deste xeito nós temos un listado de vías que merecen unha actuación e nas Comisións se tratará, e entre todos se determinará cales programas se executarán.

O Plan de Tráfico eu non sei onde ven que a palabra plan teña que levarse ao Pleno, se lle pode chamar Plan a moitas cousas. O plan de Tráfico para este equipo de goberno é un conxunto de medidas que se adoptan en función efectivamente de informas verbales e escritos da Policía Local, e se a mín me dí a Policía Local que hai que poñer tal sinal ou pintar tal liña, pois se fai. Non se pode poñer un sinal onde un quere, pedimos dende hai anos un paso de peatóns en Redes para acceder á Igrexa e a deputación dí que a curva impide que se pinte alí. Aquí non hai decisións políticas, a Policía Local propón e se fai; hai veciños que queren un sinal de nenos xogando e se lle consulta á Policía se pode ir e si se pode, se pon. O Plan de Tráfico son un conxunto de decisións en base a estes argumentos, escoitar a veciños e Policía, e para non estar a contadotas pois se toman en conxunto e se poñen os sinais todos xuntos. É un conxunto de decisións en base a informes da Policía Local e suxestións do veciños.

No que se refire aos contenedores, o Conselleiro de Medio Ambiente compromete a execución do soterramento de dous puntos, e se solicita, como usted sabe se solicita todo, e Industria convocou unha orde onde se podía solicitar esta mesma actuación, e hai 6 puntos de posible actuación, os seis se pediron ás dúas Consellerías, contestou antes Industria, e agora hai que sinalar dos seis cales se van executar, e os outros quizáis os faga Medio Ambiente, temos o compromiso, a



ambas Consellerías se lles fixo a solicitude e a resolución a temos só de Industria, que dos seis a ver o que nos acometerá e logo a Medio Ambiente lle pediremos que nos fagan os que faltan. Industria da 41.000 € para o que se acade, e os que faltan para os Medio Ambiente (comprometeu dous) e así entre as dúas Consellerías ter catro ou ceinco.

En canto a Bicycletares se fixo unha invitación como se fai sempre, é habitual que o BNG me conteste e aquí se fan comidas o día dos funcionarios e a vostedes se lles invita e non dín nin que sí nin que non. Eu efectivamente da última vez lles preguntei expresamente e vostede non dixo nada e foi a comida de Santa Rita e chegou o día e houbo que retirar os pratos enriba da mesa, e nós sí invitamos.

O dos carteis é un erro, non se pode descalificar o traballo de ninguén por un erro. O traballo do asesor de cultura, está fora de toda dúbida, coas actuacións que se fixeron.

Intervén A Concelleira de Cultura: Quería dicir que os carteis ao principio xa se detectou ese erro e foron rectificadas polo que non sei cmo puido chegar ás túas mans ese exemplar que penso que pudiera ir trasapelado polo medio dos outros, e non foron publicados. Puido ser un erro que se colara 1 ou 2 polo medio, non o dubido pero que o erro foi detectado antes de que os carteis foron ás rúas.

Alcalde: “Creo que un erro desta natureza non pode lexitimar unha descalificación como vostede fixo.”

Intervén o Voceiro do BNG: ese cartel estaba na entrada, onde estaban os folletos, é esta actividade non estaba nos folletos.

Alcalde: “Posiblemente sería un borrador e é facil ver se están corregidos ou non, pódese comprobar, vamos ser máis xustos, vamos ir mirar, non pasa nada.”

“O das Cidades Dixitais, como sempre se produce a necesidade de concurrir a tódalas convocatorias que están abertas e poden implicar subvencións. Nós pedimos unha solicitude fai meses, ao Ministerio de Industria de Madrid, e me entrevistei con responsables do mesmo, para intentar levar a banda ancha ao rural ao igual que me entrevistei con Elena Veigela, (Directora Xeral de Comunicación da Xunta) e lle pedín o mesmo.

Ao Ministerio de Industria xa se fixo a solicitude fai meses, e o de Cidades Dixitais, claro que se vai presentar,, falando coa Directora Xeral se lles plantexou o mesmo, e pode pasar algo parecido como cos contenedores ou co Campo de Fútbol, e nos respondeu a Deputación a través dunha orde específica e logo sae unha orde non específica e tamén si se pode cumprimentar, se fai.

Polo que se refire ao tema das Normas do Hábitat o falamos aquí, e creo que efectivamente no Pleno se dixo que era pouco diñeiro o que se daba, e claro contratar nestes intres un técnico para supervisar a construción de novos edificios conforme ás normas do Hábitat cando as Licencias polas que se está construíndo en Ares son anteriores á entrada en vigor destas Normas, e co custo real que supón contratar outro técnico,e todos sabemos que estas normas aínda non teñen unha vixencia real, porque as normas son anteriores e non hai ningunha promoción con licenza concedida ao abeiro das norma do hábitat. Vostede sabe que con 6000 € ao ano non se contrata ningún técnico e a aportación municipal sería doutro tanto e non hai ningunha licenza concedida baixo as Normas do Hábitat, e contratar a un técnico que ía ter escasísimo traballo e hai que mirar polo orzamento, isto xa se tratou nun Pleno, non recordo cal, cando se falou disto, da aportación da consellería era escasa.

Intervén o voceiro do PP: “Eu quería facer unhas preguntas, dende o mes de outubro “

Intervén o Alcalde: “Por unha cuestión de Orde, as preguntas se fan todas xuntas, a Alcaldía resposta todas xuntas e cando se abriu o turno só levantou a man o voceiro do BNG, non pasa nada pero por unha cuestión de Orde, se fan todas as preguntas xuntas, se contesta e se levanta a sesión.”



Ten a palabra o voceiro do PP: “Eu quería facer unhas preguntas, dende o mes de outubro vimos falando do abandono dalguns camiños e estado dos viais eu non pido que se aplique aglomerado nin frío nin quente e hai que echar zahorra porque é lamentable o estado dos camiños e tocan os coches, hai cinco mínimas actuacións que hai que facer, na Rúa Concepción Arenal, en ou en Seselle.

En canto á limpeza de praias que vimos reiterando que non se fixo e vamos acabar mal este ano, o que se facía en Semana Santa o de quitar o máis gordo non se fixo, e entón a puesta a punto do día das Alfombras, Ares se triplica e 5000 ou 6000 persoas nas rúas e se pasea polo paseo marítimo dimos unha mala imaxe cunhas praias como estaban, hai que incidir niso e se hai que traballar mañá e tarde hai que facelo pero en xullo e agosto hai que amosar as praias ben que vivimos diso.

Con respecto ás Festas, decir que se están montando no Aprque Rosalía as Tómbolas e eu sempre defendín as festas e a xente ten que ver que hai molestas pero que é un mes, pero non se pode admitir que a capacidade que ten a avda é a que é e non se pode entorpecer tanto o tráfico. Algunha atracción que está alí non debía estar e hai que organizar mellor o espazo que temos e por orde de solicitude se reparta o espazo e listo. Xa ás 9 ou 10 da mañá hai moito cristo co Centro de Saúde e a Caixa de Aforros. Debemos quitar algunha atracción e dispoñelas por orde de solicitude e sentir moito os que non podan colocarse se sinte pero temos que facelo ben.

Alcalde: Dalgún xeito a situación que temos en Ares dentro de 3 ou 4 anos será responsabilidade miña, e eu non me esconderei desa responsabilidade, pero eu estou convencido e así se pode acreditar que as estradas non se deterioraron durante o meu ano de mandato, os baches de Chanteiro, seselle, atc, non se fixeron den de o 16/06/2007, algún bache ó mellor sí, pero moitísimos menos dos que xa estaban. Nun ano non se vai asfaltar todo”

Intervén o Voceiro do PP: “E usó pedín zahorra para algúns camiños, non fagas demagogia”.

Intervén o Alcalde: “Non, vamos ver que en algo se ten que ver o traballo, nós votamos asfalto en frío e quente, hai rúas novas en Cervás, Redes, Ares, o de Prados Vellos, Papellas... quen non vexa os metros cadrados de asfalto novo do último ano non é xusto. Todo non é, como é evidente, pero eu tamén me pregunto porqué hai que arrancar todo, e en Ares hai que arrancar casi todo, e é imposible que casi todo se puxera así dende o 16/06/2007, se vai facendo o que se pode, se bacheou, se asfaltou e hai algunhas que non se lles fixo nada porque con todo non se pode e hai que priorizar. É imposible facer todo. Por falta de persoal no inverno e tamén no verán que entre desbroces e limpeza de praia non te da tempo a facer nada, nós temos como criterio básico atender a todo o mundo, e iso é increíble e si pide un e llo fas, logo o pide o de al lado e tamén hai que facerllo e non se pode atender o de todos, e cada vez veñen máis, pero tamén é certo que aquí cando ven un veciño se lle acompaña e se ve si se pode facer ou non e polo xeral se trata de facer cos poucos medios que temos.

O da Limpeza de praias efectivamente o que diga que as praias de Ares están mal non dí a verdade, a foto do periódico non é de onte, a praia do Xuncal está limpa, ten a liña de algas da marea de pola mañá pero está limpa, e a foto ten máis de quince días e a publican hoxe. A foto do río do Diario de Ferrol sí, porque houbo festa do langostino e a xente mareada e houbo bolsas de Ares flotando no río, e o río se limpou fai quince días e estaba limpo pero como a xente merendou alí, e houbo bolsas de plástico por iso. Nas praias temos mal tempo, houbo mar de fondo a primeira semana de xullo, houbo toneladas de algas que sacamos con maquinaria, se sacaron oito camións de algas só desta praia de aquí diante, o que hai son algas e a praia está limpa. Son xente que ten esta cantinela e é o que pasa con aquela praia. Nós fixemos máis do que xa fixemos porque o río Xunqueira é competencia de Augas de Galicia, e gastamos dos fondos do Concello de Ares cando ten que facelo Augas. Se damos un paseo ata a praia Juncal non hai ningún parecido coa foto da Voz de Galicia. En consecuencia é unha situación que se produce e qué lle vamos facer. En canto ás



festas o ano pasado se montaron alí, hubo xente que protestou e outros bares non daban diñeiro e o que se fixo é compensar, para non cansar sempre aos mesmos veciños, e se un ano lles toca aos do Porto este ano aos do Lago e así non desanimar aos bares. Nunca Chone a gusto de todos. Eu sempre viví nao lado do parque infantil e as festas durante moitos anos en Ares estaban no antigo campo de Fútbol, e o padecín, se queixan as persoas polo ruído, e se queixan os bares, hai bares que non dan diñeiro por poñer llexos as atraccións. Hai que ter un espazo para isto. A praza da Igrexa vai camiño disto e a praza da Igrexa vai camiño de converterse niso. O empedrado nunha segunda fase vai chegar ao muelle, se vai sacar o do medio e poñer mellor luminación, vai quedar unha gran praza e falta a segunda e terceira fase desa actuación, que non é suficiente pois no vindeiro Plan de Urbanismo haberá que buscar o espazo onde acometer e acomodar estas actividades; aquí hai un espazo e queda para as festas e cando non haxa festas para aparcamento da praia e atopar un espazo que por desgracia aínda non temos. No vindeiro Plan tomaremos esa decisión.”

Intervén o voceiro do PP: “eu expliquei que hai 3 ou 4 actuacións urxentes que se arranxan nunha hora e son fácil de facer, e vamos e o vemos e se arrancan con zavorra e o tema das tómbolas tamén que dende o ano 2007 eu sempre son defensor das festas e hai que aguantar pero hai que ter responsabilidades e hai algunhas atraccións que non se poden poñer por capacidade, e o sentimos moito”.

Toma a palabra o Alcalde: “Para instalar as tómbolas, vai un da Comisión e un Policía Local e son eles os que din si se pode instalar unha atracción ou non”

Intervén o voceiro do PP: “eu creo que si ti vas o ves e te darías conta de que hai problemas alí con tanta atracción, un señor de Redes non pudo saír do aparcamento diante da caixa de aforros e está complicado coas tómbolas alí e se estreita moito aquilo”

Intervén o Alcalde: “Bueno, se non hai máis asuntos que tratar se levanta a sesión.”

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO,